**Acta XI Asemblea Xeral da MAREA PONTEVEDRA PONTEVEDRA**
**Venres 10 de xullo de 2015** na **Sede da Marea (Cruz Vermella, 22, baixo)**

Sendo as 20,15 horas e co quórum requirido (43 persoas) da comezo a Asemblea Xeral de Marea Pontevedra coa seguinte

**ORDE DO DÍA:**

1. Aprobación da acta anterior
2. Debate dos documentos da Marea
3. Proceso de elección dos membros da coordinadora xeral

**ACORDOS:**

1.Aprobación da acta anterior. **Aprobada**

2. Debate dos documentos.

En primeiro lugar debátense as emendas ao **Protocolo Organizativo**

**Emenda de supresión nº1 e nº3**

Membros e órganos da Marea. A) Membros.

*Suprimir a obrigatoriedade das Cotas para ser membro da Marea*

| Votos a favor | Votos en contra | Abstencións |
|---|---|---|
| 15 | 20 | 5 |

**Emenda de modificación nº 2**

Participación en código colaborativo

Emenda relacionada co debate de aprobación ou non da emenda nº 7

**Emenda de modificación nº4**

Membros e órganos da Marea. B) Asemblea Aberta.

***...*** *reunirá cunha periodicidade mínima cada tres meses para asuntos ordinarios e con periodicidade variable para asuntos de carácter extraordinario*

– Aprobase sen ninguén en contra

*... O dereito a voto conquerirase a través da participación en dúas Asembleas, pasando a ter recoñecido dito dereito na terceira Asemblea.*

- Se transaciona á 2ª Asamblea con voz e voto

**Emenda de modificación nº5**

Membros e órganos da Marea. C) Coordinadora Xeral.

*Máximo órgano entre Asembleas. Desenvolve a dirección da MAREA entre Asembleas. Delegará as funcións executivas na Permanente. Conta cun tope de 25 membros, elixidos por consenso ou voto individual entre persoas que se postulen para ser membros, e realiza, polo menos, unha xuntanza quincenal.*

*A Coordinadora será a responsable de facer cumprir os principios éticos da MAREA. Actuará como garante dos dereitos de tódalas persoas adheridas á MAREA. En caso de conflito será o órgano encargado de mediar entre as partes. A resolución última aos conflitos que se puidesen dar farase no ámbito da Asemblea Xeral previo informe da Coordinadora Xeral.*

- Aprobase sen ninguén en contra, deixando pendente o número de membros da Coordinadora Xeral para o debate da emenda nº 9

**Emenda de modificación nº6**

Membros e órganos da Marea. c)Coordinadora Xeral.

*A coordinadora Xeral terá equilibrio de xénero, asegurando alúmenos unha relación 40%/60% entre xéneros.*

- Aprobase sen ninguén en contra

**Emenda de modificación nº7**

Membros e órganos da Marea. D) Nivel executivo: A Permanente.

*... A Permanente estruturarase nun área executiva e outra programática. Pra coordinar cada área escollerase de entre os electos na Coordinadora unha persoa, que tamén fará de enlace co Grupo Municipal da MAREA.*

*A área executiva estará, ademais de polo/a Coordinador/a executivo, integrada por outras catro responsabilidades: Organización e Extensión, Administración e Finanzas, Comunicación e Redes e Relacións Políticas.*

| Votos a favor | Votos en contra | Abstencións |
|---|---|---|
| 14 | 19 | 3 |

*O responsable de Coordinación executivo e o Responsable de Organización e Extensión custodiarán o censo da MAREA. Este poderá ser consultado por calquera membro da Coordinadora, previa solicitude, baixo as normas establecidas na Lei de Protección de Datos.*

- Esta parte aprobase sen ninguén en contra, pero se advirte da posibilidade de que esta posibilidade non a permita a lei de protección de datos. Acordase que a Coordinadora Xeral estude o tema para darlle unha formulación legal.

**Emenda de modificación nº8**

Membros e órganos da Marea. D) Nivel executivo: A Permanente.

Esta emenda, tras un breve debate, acordase aclarar máis e facer extensible as incompatibilidades para os candidatos electorais quedando como sigue:

*... Incompatibilidades. Nin o Portavoz nin a Viceportavoz, así como o Coordinador/a e o Vicecoordinador/a, poderán ter responsabilidades homologables noutro partido nin poderán concorrer en listas electorais dos mesmos.*

- Aprobase sen ninguén en contra

**Emenda de modificación nº9**

Mecanismos de elección

*a)… Garantizarase o sufraxio libre e segredo na elección dos membros que compoñerán a Coordinadora Xeral e a Permanente.*

*Coordinadora Xeral: Elixiranse candidatos/as a través de primarias*

- Aprobase sen ninguén en contra

*b) ...Cada membro da MAREA poderá riscar un máximo de 25 candidatos/as nunha única lista.*

- Despois dun debate aceptase á espera de ver cantas persoas se postulan para ser membros ata mércores día 15 de xullo.

c) *...Permanente: Será elixida polos membros da Coordinadora Xeral entre os/as candidatos/as que se postulen pra cada posto.*

| Votos a favor | Votos en contra | Abstencións |
|---|---|---|
| 10 | 19 | 4 |

**Emenda de modificación nº10**

Comunicación

*A comunicación dependerá directamente dos Portavoces dacordo cos Coordinadores Executivo e Programático e co Responsable de Comunicación e Redes. No Gabinete de Comunicación poderán participar tanto membros da MAREA coma, se fose preciso, un/unha profesional contratado/a especificamente para axudar na relación cos medios e coas redes.*

- Aprobase sen ninguén en contra

**Emenda de modificación nº11**

Carta Financeira

*Esta presentarase diante da Asemblea Xeral ao final de cada exercicio e colgarase na páxina web da MAREA.*

- Aprobase sen ninguén en contra

Pasase ao debate das emendas aos **Estatutos**

**Emenda de engadido nº1**

Artículo 3 .- Ámbito y fines.

*A Marea so participará como tal en eleccións doutros ámbitos superiores, en formatos similares de unidade popular participativa. De non ser así os seus membros a titulo individual poderán defender as candidaturas que consideren oportunas.*

- Aprobase sen ninguén en contra

**Emenda de modificación nº2**

Artículo 11.-

*... más de 16 años pueden adherirse*

- Aceptada (pendente de comprobar a lexislación a este respecto)

Rematado o debate de emendas pasase a votar os documentos na súa integridade coas emendas incorporadas

**PROTOCOLO ORGANIZATIVO**

| Votos a favor | Votos en contra | Abstencións |
|---|---|---|
| 25 | 4 | 4 |

**ESTATUTOS**

| Votos a favor | Votos en contra | Abstencións |
|---|---|---|
| 29 | 0 | 3 |

3. Proceso de elección dos membros da coordinadora xeral

Aprobase manter a votación en urna para o venres 17 en horario de maña e tarde e ampliase ata o mércores 15 ás 19:00 horas o período para presentar candidatos/as.

A Coordinadora Xeral pechará os horarios de votación e outras cuestión técnicas da xornada.

Unha vez elixida a Coordinadora Xeral rematarase ao ministerio de Interior a notificación dos cambios de estatutos e a nova directiva.

Sen máis asuntos que tratar levantase a xuntanza ás 22,10 horas.

Asinado: Carmen Moreira | exerceu de Secretaria de Actas

Xoán Hermida | Coordinador